

RESOLUCIÓN DO 13 DE MARZO DE 2025, DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE PUBLICAN AS BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL NON DOCENTE PARA COLABORAR COAS COMISIÓNS DELEGADAS DA PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE CON SEDE NOS CAMPUS DE COMPOSTELA E DE LUGO.

Estando previsto para os meses de xuño e xullo do presente ano a realización da proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á universidade, precísase nomear persoal para colaborar nas tarefas encomendadas polo Tribunal Único e as Comisións Delegadas encargadas dos exames, así como aquelas outras de carácter administrativo encomendadas á Universidade de Santiago de Compostela (USC) a través do Servizo de Xestión Académica.

A selección do persoal colaborador realizarase de acordo coas seguintes bases:

1ª PERSOAL COLABORADOR

Para colaborar nas devanditas probas correspóndelle á USC, de acordo coas normas propostas pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), a selección de 17 persoas para a convocatoria de xuño e 3 persoas para a convocatoria de xullo.

As persoas solicitantes non seleccionadas serán incluídas nunha listaxe de reserva, por orde de prelación de acordo cos criterios de selección establecidos, para cubrir posibles baixas ou maiores necesidades.

2ª REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderá solicitar a súa participación como persoal colaborador, o persoal funcionario de carreira e o interino así como, o persoal laboral fixo e o contratado en vacante, que estea en servizo activo e non se atope incurso nas causas de abstención recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Persoal necesario para a convocatoria de xuño: 7 con experiencia e 6 sen experiencia para o Campus de Compostela e 2 con experiencia e 2 sen experiencia para o Campus de Lugo. As persoas seleccionadas serán suplentes na convocatoria de xullo.

Persoal necesario para a convocatoria de xullo: 2 con experiencia para o Campus de Compostela e 1 con experiencia para o Campus de Lugo. As persoas seleccionadas serán suplentes na convocatoria de xuño.

3ª PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude que estará á disposición das persoas interesadas na páxina web: <https://www.usc.gal/ql/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/PColaborador>, presentárase preferentemente escaneada por correo electrónico no seguinte enderezo: splanificacion.pas@usc.es, ou no rexistro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm> e deberá estar autorizada pola/o xefa/e do servizo ou da unidade administrativa correspondente. A denegación da autorización deberá estar debidamente motivada.

No caso de que a persoa solicitante fora a responsable máxima da Unidade ou Servizo, deberá presentar informe favorable da Xerencia.

No caso de que o persoal seleccionado mude de posto de traballo antes da realización das probas a súa participación quedará supeditada á autorización do novo responsable.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro día 26 de marzo de 2025.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase no taboleiro electrónico da USC e na páxina web da Subárea de Planificación de PAS: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/PColaborador> a relación provisional de persoas admitidas e excluídas. Contra esta resolución poderase presentar reclamación nun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita listaxe.

Rematado o prazo para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase nos lugares indicados no parágrafo anterior, a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

4ª CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Criterios xerais

Será criterio xeral de selección que o Campus que se solicite coincida coa localidade onde se encontre o posto de traballo. Se as persoas solicitantes manifestan como primeira opción unha localidade distinta daquela na que estean destinadas no seu traballo ordinario, soamente se terá en conta a solicitude de non cubrirse todas as prazas desa localidade.

Terá preferencia para ser seleccionado, o persoal laboral pertencente ós grupos III, IV.1 e IV.2 e o persoal funcionario dos subgrupos C1 e C2 indistintamente, que desempeñe postos base.

Para os efectos do cómputo da experiencia, equipárase a prestada nas PAU coa das ABAU.

2. Solicitantes con experiencia

2.1 Terá preferencia quen participara como persoal colaborador nas convocatorias realizadas pola Xerencia da USC nos últimos cinco anos (2020 ao 2024) o menor número de veces. Quen participara con anterioridade ao mencionado período considerárase solicitante sen experiencia, agás que non houbera suficientes desta categoría, suposto no que poderán ser considerados como solicitantes con experiencia.

3. Solicitantes sen experiencia

A orde de prelación para seleccionar neste apartado será:

3.1. Solicitantes que non teñan acreditada ningunha experiencia nestas probas.

3.2. Solicitantes que teñan acreditada experiencia nestas probas nos anos anteriores ao 2020.

Os empates, en ambos supostos, resolveranse aplicando os seguintes criterios: maior antigüidade recoñecida na data de publicación da convocatoria, maior idade.

5ª LUGAR DE CELEBRACIÓN

O persoal que se seleccione apoiará administrativamente ás Comisións Delegadas que actúen en Santiago de Compostela e Lugo.

6ª COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección terá a categoría segunda de conformidade cos grupos de clasificación para asistencias establecidos no Regulamento de indemnizacións por razón de servizo aprobado en Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020. Os membros da Comisión deberán absterse de intervir cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro.

Comisión titular:

Presidenta:

- Maruxa Casal Reyes, funcionaria de carreira da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais:

- Sonia Neo Rey, funcionaria de carreira da Universidade de Santiago de Compostela.
- Catuxa Lombao Vázquez, funcionaria de carreira da Universidade de Santiago de Compostela.
- Ana María García Arrese, persoal laboral fixo da Universidade de Santiago de Compostela.

Secretario:

- José Manuel Caamaño Jerez, funcionario de carreira da Universidade de Santiago de Compostela.

Comisión suplente:

Presidenta:

- Silvia María Moreira Figueiras, funcionaria de carreira da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais:

- Luis Vila Arias, funcionario de carreira da Universidade de Santiago de Compostela.
- Marta María Balea Cotos, funcionaria de carreira da Universidade de Santiago de Compostela.
- Margarita Vilas Cruz, persoal laboral fixo da Universidade de Santiago de Compostela.

Secretario:

- Félix Navaza Aller, funcionario de carreira da Universidade de Santiago de Compostela.

7ª PUBLICACIÓN

A proposta provisional de persoal colaborador seleccionado e a listaxe de espera publicaranse no taboleiro electrónico e na páxina web da Subárea de Planificación de PAS indicada na base 3. Contra esta proposta,

poderase presentar reclamación perante a Comisión, no prazo máximo de tres días contados desde o seguinte ao da súa publicación.

Rematado o prazo sinalado no punto anterior sen terse presentado reclamacións ou, unha vez resoltas estas, a Comisión elevará a proposta á definitiva.

A CiUG procederá ao nomeamento do persoal e a súa adscrición ás Comisións Delegadas correspondentes.

8ª NORMAS XERAIS

Nas Comisións Delegadas nas que actúe un grupo formado por dous PAS, actuará como responsable quen teña experiencia nas probas segundo o indicado na base 2ª.

Nas tarefas de xestión administrativa encomendadas á USC, tanto os grupos que se formen como as tarefas que se realicen e as correspondentes datas serán determinadas oportunamente pola Xerencia a través do Servizo de Xestión Académica.

Non se admitirán cambios nas quendas do persoal seleccionado.

As renuncias do persoal seleccionado penalizaranse non admitindo a súa participación nas convocatorias que se realicen nos dous anos seguintes.

9ª GRATIFICACIÓNS

A CiUG retribuirá ao persoal colaborador nas tarefas administrativas cunha gratificación de 335 euros por cada convocatoria.

10ª NORMA FINAL

O persoal nomeado estará a disposición da Comisión Delegada en todo momento. A ausencia inxustificada suporá a substitución inmediata por persoal da listaxe de reserva.

Santiago de Compostela

O xerente

Antonio Javier Ferreira Fernández
(Sinatura Dixital)

ANEXO

SOLICITUDE PARA COLABORAR NA PROBA DE AVALIACION DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE, CONVOCATORIAS DE XUÑO E XULLO DE 2025

Apelidos		Nome
DNI	Teléfono posto traballo	Correo electrónico

SOLICITO colaborar co tribunal das probas para o acceso á universidade nunha das localidades sinaladas por orde de preferencia, e comprométo-me a prestar os meus servizos nas convocatorias de xuño e xullo.

- () Santiago de Compostela
() Lugo

_____, ____ de _____ de 2025
(Sinatura)

INFORME

Non existe inconveniente en acceder ao solicitado
_____, ____ de _____ de 2025
(Sinatura)

O/A responsable do Servizo / Unidade administrativa/Xerente

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A persoa asinante solicita ser admitida á convocatoria á que se refire esta solicitude e DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións requiridas especificamente por esta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude. De conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recollidos neste procedemento serán incorporados pola USC no tratamento denominado "Persoal" cuxa finalidade é a xestión de expedientes administrativos de persoal, cálculo de nóminas e Seguridade Social e xestión de persoal. O órgano responsable do devandito tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela con domicilio social na Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, correo electrónico: protecciondatos@usc.gal Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.es A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica 2/2023 do Sistema Universitario e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia). Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica en <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar as reclamacións que consideren oportuna. Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos que non formen parte da prestación do servizo público bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables. A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/03/2025 13:11:51.

CSV: 26A6-C865-4B16-B9AD